

Asesor Lingüístico:
X. Luís Ansemil Moreira

Ramón PIÑEIRO



CARLOS CASARES

ÍNDICE

1

OS PRIMEIROS ANOS.....7

2

ADOLESCENCIA.....17

3

O GALEGUISMO.....25

4

OS ANOS DA GUERRA.....33

5

OS ANOS CLANDESTINOS..45

6

O CÁRCERE.....61

7

GALAXIA.....71

8

A VOLTA À DEMOCRACIA....83

UN
1

**OS
PRIMEIROS
ANOS**

Ramón Piñeiro naceu en Armea, na parroquia de Láncara, provincia de Lugo, o día 31 de maio do ano 1915. Era fillo de Salvador Piñeiro García e de Vicenta López Fernández.

O pai viviu de mozo en Madrid, onde se fixo cunha importante cultura, en contacto con grupos liberais. Foi alí onde coñeceu á súa futura muller, veciña do lugar de A Pedreira, que daquela residía tamén na capital en compañía dun irmán que tiña negocios.

Despois de casaren, construíron a casa familiar de Armea, que non puideron rematar por falta de medios económicos.

Esa foi a razón de que Vicenta emigrase a Buenos Aires, quedando o seu home, que daquela traballaba como oficial no concello, ó cargo dos nenos e da casa.

En Láncara, os Piñeiro eran coñecidos polo nome de “Os de Abaixo”, que para o resto dos veciños quería dicir que eran persoas raras, aínda que tamén tiñan fama de seren moi intelixentes.

Era unha historia antiga, pero que se reforzou moito durante a infancia de Piñeiro, pois dous tíos seus

chegaron a padecer enfermidades de tipo mental.

Arareza dos Piñeiro, sen embargo, incluía tamén historias agradables, como a lenda dun tesouro atopado por un dos antepasados da familia. Unha versión aseguraba que un día, estando nun prado, un dos bisavós de Piñeiro encontrara unha arqueta chea de moedas de ouro. Esa arqueta estivo no faiado da casa durante moitos anos.

Outra versión, esta de tipo fantástico, pretendía que a arqueta co tesouro fora vista flotando no río cunha moura que ía sentada nela e se peiteaba cun peite de ouro.

O máis probable é que a arqueta fose un tesouro agachado por alguén cando a francesada.

Co diñeiro do tesouro, os Piñeiro levantaron a casa familiar.

Ramón non naceu nela, senón na que construíron os seus pais e que foi a causa de que a nai marchase a Buenos Aires en busca de fortuna para podela rematar.

Desta casa proceden os primeiros recordos de Ramón Piñeiro, cando a nai o metía nun pequeno espacio

coutado con bancos de madeira e el se puña a correr arredor, divertido pola propia velocidade con que o facía.

De neno, Piñeiro foi un neno tímido, en parte porque vivía illado e sen poder xogar con outros nenos, debido á distancia que había entre a casa familiar e as demais casas da aldea. Por iso, xogaba só. Construía casiñas de barro e botaba longas parrafadas consigo mesmo.

Esta timidez e tendencia á soidade acentuábanse cando había visitas na casa. Nesas ocasións, o neno desaparecía rapidamente, pero procurando que non se notase.

Na súa soidade, Ramón meditaba. Un dos problemas que o intrigaban era o tren, do que lle escoitara dicir ó seu pai que era como un coche moi grande, pero sen cabalos. Esa idea non a conseguía entender, pois os únicos vehículos de tracción que coñecía eran os carros arrastrados polos bois ou os carromatos tirados polos cabalos.

Tamén sentía interese pola escritura.

En parte, este interese proviña do feito de que o seu pai, que era un bo calígrafo, cuestión moi importante

nunha época en que practicamente non existía outro tipo de escritura, tiña a teoría, entón bastante estendida, de que os nenos podían aprender a ler pronto, pero non a escribir, pois había que evitar que adquirisen vicios que logo serían moi difíciles de enmendar.

Por esta razón, Piñeiro soubo ler moi pronto, pero ninguén lle aprendeu a escribir antes de ir á escola. Fíxoo el pola súa conta. Utilizaba garabullos para trazar liñas sobre a cinsa ou na terra, e tamén pallas que mollaba en auga, coas cales debuxaba sobre a mesa da cociña. Nisto contaba coa axuda da nai.

Deste xeito, cando Piñeiro cumpriu seis anos e foi á escola, xa sabía ler e escribir.

Na escola, o mestre falaba en castelán, o cal desconcertou ó neno, que non entendía a razón daquela situación estraña, pois o galego era a única lingua que se falaba na súa casa e na aldea, entre os veciños. Sentiuno como unha humillación.

Na escola, Piñeiro aburríase porque xa sabía ler e escribir.

Para distraerse, intrigado pola historia aquela que o seu pai lle tiña contado respecto do tren, púxose a imaxinar

cómo podía se-la máquina que arrastraba o comboio, que era o substituto dos cabalos. Despois, pintouna na pizarra, tratando de descubrir o segredo do seu funcionamento.

Estaba tan emocionado coa solución daquel enigma, que un día non se decatou de que o mestre o chamaba. Entón este achegouse ata a mesa de Ramón e preguntoulle: “¿ *Tú vienes a la escuela a estudiar o vienes a jugar?*” O neno quixo oculta-la “pizarra”, pero o mestre colleuna e preguntoulle: “¿ *Qué es esto?*” Collido por sorpresa, respondeu que era a máquina do tren. Entón o mestre díxolle: “¿ *La máquina del tren? ¿Así que en lugar de estudiar como los demás, te dedicas a inventar cosas? Sin duda vas a ser de los que inventan la pólvora.*”

O que máis amolou a Piñeiro foron as burlas dos seus compañeiros maiores, que lle dicían: “¿ *Seica vas inventa-la pólvora!*”

Algún tempo despois daquel episodio, un día, por fin, Piñeiro puido ve-lo tren. Foi en Sarria, con motivo dunha viaxe a Lugo para ir ás festas do San Froilán.

Pero antes recibiu outra sorpresa: a luz eléctrica, que non coñecía.

Aquel mesmo día foi comer a un restaurante co seu pai, onde o neno viu unha luz que non era nin un candil nin unha vela, que ademais non se apagaba soprando.

Despois xa veu o tren. Cando estaba esperando na estación, ó divisala locomotora avanzando pola vía, botouse a correr despavorido, ata que o seu pai o colleu e o tranquilizou.

A viaxe foi todo un acontecemento.

En Lugo, seguiron as sorpresas, sobre todo a iluminación das rúas, pois o neno, en Láncara, no coñecía máis luz para andar de noite que a que viña da lúa e as estrelas ou os fachóns de palla que se empregaban para desprazarse polos rueiros e os camiños.



dous
2

ADOLESCENCIA

A adolescencia de Piñeiro transcorreu case toda na aldea, aínda que antes estivo en Lugo estudiando os cursos do bacharelato elemental. En Lán-cara fixo a vida propia dos nenos do campo: axudar na arada e na sega, leva-las vacas ó monte e realiza-los traballos que correspondían ós rapaces campesi-ños da súa idade.

Ir coas vacas ó monte era a tarefa que máis lle gustaba, pois permiti-lle ler, unha afección que collera en Lugo durante os anos de estudio. Lía, sobre todo, libros de poesía que trouxe-ra da capital: tres tomiños cos poemas de Ossián, un tomiño cos versos de Dante, Petrarca e Torcuato Tasso e unha escolma da poesía galega feita polo escritor coruñés Wenceslao Fernández Flórez, nas páxinas da cal leu Piñeiro por primeira vez a Rosalía de Castro.

Neses anos, a soidade seguía empuxando a formular problemas de tipo intelectual, coa mesma curiosidade e interese que se enfrontara ó enigma do tren. Unha parte das súas preocupacións eran de tipo relixioso, que o levaron a vivir experiencias de grande intensidade emotiva, case místicas. Tamén o preocupaba o enigma da infinitude do espacio.

Un alivio para a súa soidade foi a amizade que iniciou daquela cun mozo

da súa mesma parroquia, licenciado en Dereito, fillo do secretario do concello, a quen Piñeiro lle comunicaba as súas preocupacións e con quen discutía de política nacional e internacional, un asunto que seguía con atención a través dos periódicos.

Da afección de Piñeiro pola lectura dos periódicos, que era ben coñecida na aldea, derivou o costume de que os domingos, despois da misa, no adro da igrexa, os veciños rodeaban ó rapaz para facerlle preguntas sobre o que pasaba en España e no mundo. Con frecuencia, ademais da información, Piñeiro facía análise dos feitos e prediccións do que podía suceder no futuro, que por se confirmaren ás veces posteriormente outorgábanlle o creto de ser unha persoa moi intelixente.

Por ese mesmo motivo, Piñeiro converteuse nunha axuda para moitos dos seus veciños, que empezaron a acudir a el para que lles lese as cartas dos familiares que estaban na emigración ou para que lles escribise as cartas de resposta.

Por recomendación daquel veciño licenciado en Dereito que tiña amizade con Piñeiro, o pai deste decidiu que o rapaz marchase da aldea, onde facía a vida dun campesiño, e seguise estudiando.

Piñeiro foi vivir a Sarria, para leva-las contas e a correspondencia na ferretería de Pedro Cortiñas, que era amigo do seu pai. A amizade era tan estreita que Piñeiro vivía co seu patrón e coa familia.

Na casa de Cortiñas estaban subscritos ó periódico “El Sol”, de Madrid, un dos máis prestixiosos do seu tempo, que Piñeiro lía tódolos días e alimentaba a súa curiosidade pola política, un asunto do que discutía e falaba cun comandante de enxeñeiros retirado que acudía á ferretería para facer tertulia.

Ademais do periódico “El Sol”, Piñeiro subscribiuse pola súa conta a “El Correo Gallego” porque o atraía a tendencia galeguista daquel diario. Nas súas páxinas descubriu o galego como lingua periodística, unha realidade que para el foi unha novidade, pois o galego non o coñecía máis que como lingua coloquial e poética, limitada esta practicamente ós versos que lera de Rosalía de Castro.

Nas páxinas de “El Correo Gallego”, Piñeiro viu por primeira vez a firma de Ramón Otero Pedrayo, un escritor que o fascinaba, aínda que ás veces non o entendese moi ben.

Ó pouco de chegar Piñeiro a Sarria, proclamouse a República. Era o mes de abril de 1931 e Ramón tiña dezasete anos.

Interesado pola política, a campaña das primeiras eleccións republicanas permitiulle seguir de cerca a nova situación. Un día asistiu a un mitin no que participaron Julio Sigüenza, Ánxel Fole e Lois Peña Novo. O primeiro pareceulle demasiado retórico. De Fole quedou impresionado pola fermosura do castelán que empregaba. Pero o que máis lle gustou foi Peña Novo, unha apreciación que tamén compartía o seu patrón Pedro Cortiñas. No discurso daquel político, Piñeiro viu confirmadas algunhas das ideas que el percibía na lectura de “El Correo Gallego”.

Foi así como empezou a espertar en Piñeiro o sentimento galeguista. Desde entón seguiu con moito interese a intervención dos deputados galegos en Madrid e un día, cando estaba na estación de Sarria agardando o tren para depositalo correo, descubriu con sorpresa e con emoción que dous deles, que ata entón só coñecía por fotografías, falaban animadamente cuns amigos no andén, aproveitando a parada. Eran Otero Pedrayo e Castelao. Piñeiro estívoos observando desde lonxe.



tres
3

O GALEGUISMO

Aquel mesmo ano de 1931, Ramón Piñeiro deixou Sarria e volveu a Lugo para continuar os estudos de bacharelato que interrompera tempo atrás.

En Lugo, Piñeiro asistiu a outro mitin dos galeguistas. Naquela ocasión falaban Valentín Paz Andrade, Ramón Suárez Picallo e Alfonso R. Castelao. Se en Sarria lle gustara Peña Novo, en Lugo gustoulle sobre todo Castelao. Chamoulle a atención un exemplo que puxo, no que comparou a República cunha árbore pequena que necesita estacas para ser protexida. “O perigo -dixo- é que morra a árbore e prendan as estacas”.

Piñeiro sentíase xa membro da familia galeguista, aínda que non mantiña relación directa con ninguén que formase parte dela.

A situación cambiou no Instituto, onde coñeceu a algúns rapaces que tamén compartían os mesmos ideais, cos cales participou na fundación das Mocidades Galeguistas de Lugo, das que foi elixido secretario de cultura.

Este cargo permitulle coñecer a Otero Pedrayo, a quen os mozos daquela organización o invitaron a dar unha conferencia no Instituto.

Foi Piñeiro o encargado de ir recoller a Otero á estación do ferrocarril. Despois acompañouno ata o hotel “Méndez Núñez” e quedou sorprendido cando o escritor e deputado o convidou a tomar unha cervexa na terraza do café. Como Piñeiro era tímido, púxose a falar moito e fíxolle moitas preguntas a Otero, case todas suscitadas pola lectura dos periódicos. Anos despois, moitos amigos comúns confesáronlle a Piñeiro que Otero Pedrayo quedara tan impresionado por aquel xove estudante, que andaba dicindo por Ourense que en Lugo había un mozo que era un verdadeiro Erasmo.

Por entón, Piñeiro coñeceu tamén a Ánxel Fole, Pepe Gaioso e Luís Pimentel, tres personaxes da vida cultural luguesa con fama de raros, incluso extravagantes. Sen embargo, el sempre os considerou os seus verdadeiros mestres.

Pouco a pouco, Piñeiro iría participando cada vez máis activamente no movemento galeguista.

Para elabora-la estratexia do Partido de cara ás eleccións do ano 1933, os galeguistas convocaron unha reunión en Santiago no mes de outubro. Ó non poderen asistirlos dirixentes de Lugo, estes designaron a Piñeiro como

representante, que tivo así a oportunidade de ver Santiago.

Con ese motivo coñeceu tamén a Alexandre Bóveda e a Castelao, a quen xa vira en Lugo. Este último propuxo ademais que Piñeiro formase parte da comisión encargada de entrevistarse co doutor Alonso Hortas, de Lugo, para pedirlle que encabezase a candidatura galeguista como independente por aquela provincia.

En Santiago, Piñeiro aproveitou para visitar a Editorial Nós, situada na Rúa do Vilar, onde coñeceu a Ánxel Casal e a Camilo Díaz Baliño. Tamén tivo ocasión de coñecer entón a Luís Seoane, con quen chegaría a manter unha grande amizade.

Pouco despois daquela viaxe a Santiago, Piñeiro enfermou do peito e tivo que abandonar os estudos. Como dispuña de moito tempo libre, empregábase na actividade política.

Entón coñeceu tamén ó poeta Ramón Cabanillas, que andaba por Lugo en busca de información sobre o célebre cacique Pepe Benito, que pretendía utilizar como modelo para unha das obras que proxectaba daquela.

As preocupacións galeguistas de Piñeiro levárono a ler a “Teoría do nazonalismo galego” de Vicente Risco, que lle gustou porque defendía moi ben os dereitos de Galicia. Non lle interesou tanto a idea do nacionalismo, que consideraba un sistema pechado. Neste sentido, gustáballe máis o que dicía o programa do Partido Galeguista sobre o federalismo europeo das nacións, unha fórmula que lle parecía universal e máis moderna.

Desde entón, Piñeiro defendería sempre o concepto de galeguismo fronte ó de nacionalismo e ata o ano 1936 traballaría intensamente no seo daquel movemento, co horizonte do Estatuto de autogoberno como meta.

En 1935, por indicación de Otero Pedrayo, que sentía unha grande admiración por aquel mozo, Piñeiro participou como orador no Mitin das Arengas celebrado na Praza da Quintana de Santiago, no que interviñeron as primeiras figuras do galeguismo, entre elas Castelao.

Con este último encontrouse por última vez en maio do ano 1936, dous meses antes de que empezase a Guerra Civil. Atopouno moi pesimista pola situación política.

Con Alexandre Bóveda fixo unha viaxe a Viveiro no mes de xuño, durante a campaña do Estatuto, do que Piñeiro era Secretario do Comité Provincial. Polo camiño falaron da situación política do galeguismo. Piñeiro pensaba que o Estatuto chegaba demasiado cedo, pois non había aínda unha opinión pública galeguista que o apoiase. Bóveda, en cambio, opinaba que o Estatuto era necesario precisamente para crear ese estado de opinión.

O Estatuto de Autonomía votouse o día 28 de xuño e foi amplamente aprobado polo pobo galego. Galicia dispuña, polo tanto, dun marco xurídico que lle permitía, por vez primeira na súa historia, ter un parlamento e un goberno propios.

catro
4

**OS ANOS
DA GUERRA**

O día 18 de xullo do ano 1936, unha parte do exército, mandado por Francisco Franco e outros xenerais rebeldes, sublevouse contra o goberno da República, que resistiu o golpe. Deste xeito iniciouse unha Guerra Civil que ía durar ata o mes de abril de 1939.

Na cidade de Lugo, os partidos políticos, de acordo co gobernador civil, decidiron crear unha comisión permanente de enlace para segui-los acontecementos. Polo Partido Galeguista foron designados Ramón Piñeiro e Ánxel Fole.

O gobernador comunicoulles que tiña noticias a través do Ministro da Gobernación de que a gornición militar da praza estaba comprometida cos sublevados. Díxolles tamén que o coronel xefe do rexemento de infantaría, que non parecía estar de acordo coa idea de secunda-lo golpe de Estado contra o goberno, lle dera a súa palabra de honor de que, no caso de que se vise obrigado a seguir ós sublevados, avisaría con dúas horas de antelación para que a xente se retirase.

O día 19, cando xa era seguro que se sublevara o exército de África, Piñeiro atopou na rúa a Ánxel Casal, o propietario da Editorial Nós a quen coñecera en Santiago, cidade da que era

alcalde, e a Xosé López Bouza, presidente da Deputación da Coruña, que viñan de Madrid do acto de entrega ás Cortes Españolas do Estatuto de Autonomía recién aprobado. Ánxel Casal, que pasara a noite de viaxe e non tiña noticias do que estaba sucedendo, contoulle a Piñeiro que no camiño de volta estiveran a punto de ser detidos polos militares e que en León viran un tren de mineiros asturianos que dicían que ían a Madrid a defende-la República. Piñeiro informounos da situación.

Cando se despediron, nin Casal nin Piñeiro podían adiviñar que poucos días despois, o 4 de agosto, o primeiro deles sería detido e internado na prisión municipal de Santiago e que de alí o sacarían o 19 para asinalo. O seu cadáver aparecería tirado nunha cuneta no lugar de Cacheiras.

O día 20, a tensión incrementouse en Lugo: os comercios pechaban as portas e había movemento de soldados polas rúas. Tal como se temía, a sublevación era un feito. Pola tarde, cando Piñeiro estaba co gobernador civil, chamou por teléfono o coronel Caso Agüero anunciando que non tiña máis remedio que proclama-lo estado de guerra.

Case ó mesmo tempo, abriuse bruscamente a porta do despacho e

entrou o tenente coronel da Garda Civil, Carlos Lapestra Rodríguez, acompañado de dous números. Dirixíndose ó gobernador, díxolle:

“Ya sabe a lo que vengo. Quedan ustedes detenidos”.

Aproveitando a confusión dos primeiros momentos, Piñeiro saíu do despacho e foise cara á secretaría, onde se puxo a revolver nos papeis, simulando ser un funcionario. Pasado algún tempo, cando se decatou de que ninguén se fixaba nel, baixou as escaleiras e encamiñouse cara á rúa. Na porta do goberno civil atopou ó chófer do tenente coronel, un individuo que gañara fama de bárbaro durante a represión de Asturias, dous anos antes, e que coñecía a Piñeiro. Afortunadamente limitouse a dicirle *-De prisa, antes de que sea demasiado tarde.*

Xa na rúa, Ramón Piñeiro observou que a xente fuxía, porque os soldados estaban disparando con ametralladoras desde o alto da muralla. Entón dirixiuse á sede do Partido Galeguista. Ó pasar por diante do local da CNT, viu que estaba tomado polos militares. Cando chegou ás oficinas do partido, os seus compañeiros non sabían aínda que se proclamara o estado de guerra. Entón repartiron as fichas dos

afiliados e o libro de actas con intención de escondelos e marcharon cada un para a súa casa.

Nos días que seguiron, ó principio as cousas aínda non foron moi difíciles, gracias a que o novo gobernador civil, que tiña un fillo galeguista, e o novo gobernador militar, que era amigo do presidente do partido, evitaron a detención dos afiliados. Pero pasados eses primeiros días, a situación agravouse.

En agosto, Piñeiro recibiu o aviso de que se ocultase, pois alguén tiña presentado unha denuncia contra el baixo a acusación de que estivera no goberno civil e que levaba armas, o cal non era certo, pero que indicaba a mala intención do denunciante, pois esa era a mellor maneira de desfacerse de calquera persoa naquelas circunstancias. Para evitar unha detención, Piñeiro abandonou Lugo e refuxiouse en Láncara. Tamén aquí foi protexido, sen que se ententase ata moitos anos despois, por un falanxista local, compañeiro de escola na infancia.

Pasado algún tempo, Piñeiro volveu a Lugo. Foi entón cando soubo que Alexandre Bóveda fora fusilado en Pontevedra o día 17 de agosto.

Ó principio, Ramón Piñeiro tivo a impresión de que ninguén se interesaba por el, pero un día, mentres falaba con Marino Dónega na rúa, achegouse a eles Juan Manuel Pardo, militante de falanxe, e díxolle a Ramón que fose á súa casa, onde o agardaba o seu primo Pepe Gayoso, que era amigo de Piñeiro.

Na casa de Pardo, Pepe Gayoso informou a Piñeiro de que un falanxista local tiña presentado unha denuncia contra el. Afortunadamente, outro falanxista, Félix García Pardo, conseguira convencer ó denunciante para que a retirase e se anulase a orde de detención que xa fora dictada. Gayoso recomendoulle que se incorporase inmediatamente ó exército, tan pronto como mobilizasen á súa quinta, pois estaría máis seguro na fronte que na retagarda.

Por aqueles días, un compañeiro do Partido Galeguista viuse con Piñeiro discretamente para avisalo de que no momento en que se incorporase ó Exército evitase falar de política con ninguén e que non se fiasse nin dos seus amigos máis íntimos. Diante da cara de sorpresa e escepticismo que puxo Ramón, o amigo preguntoulle se se fiaría del, ó cal respondeu aquel de maneira afirmativa. O compañeiro confesoulle entón que pertencía ó servicio de información e que a súa obrigación sería denunciálo.

Uns días despois, Piñeiro marchou á fronte. Fixo a guerra no cuarto batallón do Rexemento Zaragoza número 30, como soldado de infantaría.

A pesar de incorporarse a filas, Piñeiro pasou por momentos de perigo. Nunha ocasión, un capitán de quen se fixera amigo, arquitecto de profesión e católico devoto, mostroulle un papel cunha denuncia contra el, acusándoo de ser espía dos republicanos. Seguro da inocencia de Piñeiro, o capitán rachou a denuncia e salvoulle a vida.

Outras veces foi a sorte que se cruzou afortunadamente no seu camiño. Nun bombardeo na fronte de Teruel, por exemplo, Piñeiro viuse obrigado a abandona-lo camiión no que circulaba cuns compañeiros, para buscar refuxio nunha especie de cova situada na beira da estrada. Como non había sitio para todos, Ramón amparouse debaixo dunha árbore próxima, dándose a casualidade de que unha bomba matou ós que estaban protexidos.

Na guerra, Piñeiro descubriu con tristeza as consecuencias que a violencia tiña para o embrutecemento da xente, que perdía unha parte da súa sensibilidade humana. Era bastante normal que soldados cos cales Piñeiro tiña trato na compañía e ós cales consideraba bos

rapaces, se apuntaran como voluntarios ós pelotóns de fusilamento para quedárense despois cos zapatos ou a roupa dos mortos. Logo contaban detalles cunha frialdade e unha indiferencia que a Piñeiro lle xeaban o corazón.

Esta foi a causa de que acabara ensumido nun estado de profunda depresión, que se manifestaba nunha pasividade e nun silencio absolutos, coa mirada fixa no lume polas noites, incapaz de moverse nin sequera para comer. Alarmados, os compañeiros falárono co médico, que con medicación enérxica o sacou daquela situación.

Pasados aqueles momentos, Piñeiro aceptou xa a situación, a dureza da cal a contemplaba con serenidade, pero non con indiferencia. Algunhas imaxes quedáronlle gravadas para sempre na memoria, como unha casa derruída en Teruel, na que todo se atopaba no estado en que a deixaran os seus moradores, obrigados a fuxir de maneira precipitada: a sopa nos pratos, o pan ó lado, un paquete de cartas e fotografías tiradas polo chan...

Tamén na entrada de Teruel, no ano 1938, atopouse cun espectáculo macabro. Ó pasar polo cemiterio, que antes fora batido pola artillería, moitos mortos quedaran descubertos, arrancados da tumba polas bombas.

Sen embargo, non todo foi tan desagradable e algunhas cousas incluso foron sorprendentes, como o capitán que sacou dun tanque republicano, recén inutilizado na batalla pola capital, un libro de Otero Pedrayo: *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*. Aínda que Piñeiro lle dixo ó citado oficial que el era amigo do autor, non conseguiu convencelo para que llo entregase.

Ese mesmo día da entrada en Teruel, no medio do viaducto que unía a cidade nova coa cidade vella, atopouse Piñeiro cun dos seus grandes amigos de Lugo, compañeiro no Partido Galeguista, Marino Dónega, ó cal non volvera ver desde o ano 1936. Marino Dónega contaría divertido, anos despois, a sorpresa que lle causou cando Piñeiro lle dixo que era axudante do cabo furriel, unha estraña categoría militar que el non coñecía no exército, pero que se aclarou cando Ramón o informou de que quen mandaba na compañía era outro lugués, Antonio Rosón.

Este converteuse en protector de Piñeiro, como en xeral o facían cantas persoas o rodeaban, sobre as cales irradiaba unha bondade que inducía a tratalo daquela maneira. Deste xeito, o resto da guerra pasouna Piñeiro sen grandes sobresaltos.



cinco
5

**OS ANOS
CLANDESTINOS**

Ó remata-la guerra no ano 1939, Piñeiro volveu a Láncara. Pouco a pouco foi sabendo da sorte de moitos dos seus antigos compañeiros do Partido. Algúns morreran, outros marcharan ó exilio, como Castelao ou Luís Seoane, algúns máis estaban no cárcere. Neses momentos, Piñeiro pensou que a derrota fora total.

Aínda así, empezou a facer proxectos. Naquel mesmo verán viuse en Santiago con Marino Dónega e Xaime Isla Couto, antigos compañeiros nas Mocidades Galeguistas. Este último era partidario de iniciar canto antes a reconstrucción do Partido Galeguista na clandestinidade. Piñeiro, en cambio, máis cauto, pensaba que as circunstancias non eran aínda favorables e que había que agardar a que se clarificase a situación internacional, sobre todo polo que se refería ó pulo crecente das forzas políticas antidemocráticas en Alemania e Italia.

No mes de setembro, estalou a guerra en Europa e o triunfo de Hitler parecía inminente e inevitable.

O avance irresistible dos alemáns produciu euforia nos vencedores da Guerra Civil española, algúns dos cales empezaron a ameazar cunha segunda volta represiva. Nesas circunstancias,

non parecía responsable reconstruí-lo pequeno Partido Galeguista na clandestinidade.

As cousas empezaron a cambiar no ano 1943, cando os americanos entraron na guerra e iniciaron a liberación de Italia, ó tempo que os rusos conseguían dete-lo avance alemán na Unión Soviética. Parecía que a guerra, que aínda podía durar moito, xa non a ían gañar as forzas antidemocráticas.

Con esas novas perspectivas máis favorables, os partidos políticos clandestinos, que agardaban que a derrota de Hitler e de Musolini traería como consecuencia a restauración da democracia en España, acentuaron as súas actividades.

Por aqueles días, Ramón Piñeiro atopou en Lugo a un vello compañeiro galeguista, Servando Gómez-Aller de la Vallina, que antes da guerra fora secretario do Comité Provincial do Partido Galeguista e que daquela traballaba en Vigo, onde tomara contacto con outros vellos correligionarios, entre eles Francisco Fernández del Riego e Manuel Gómez Román, que estaban iniciando a reconstrucción do Partido.

Vallina comunicoulle a Piñeiro que Del Riego quería falar con el

e avisouno tamén de que Ramón de Valenzuela estaba iniciando unha operación política encamiñada a reorganiza-lo Partido Galeguista na órbita da Unión Nacional, que controlaban os comunistas.

Piñeiro trasladouse a Vigo e buscou primeiro a Ramón de Valenzuela para que lle explicase os seus planos. Este díxolle que reconstruí-lo Partido Galeguista no campo de influencia do comunismo lle parecía unha medida necesaria dado o peso que ía ter a Unión Soviética na Europa da postguerra, que el pensaba que había saír moi reforzada como consecuencia da súa contribución decisiva á derrota do nazismo e o fascismo.

Piñeiro non era da mesma opinión. En primeiro lugar, pensaba que estando vivo don Manuel Gómez Román, último secretario xeral do Partido Galeguista, era a este a quen lle correspondía a iniciativa de reorganiza-lo Partido, o cal xa estaba facendo. En segundo lugar, Piñeiro estaba convencido de que aínda sendo moi importante a contribución dos soviéticos á derrota de Hitler, non o era menor a dos americanos, polo cal non parecía fácil prever que estes lle deixasen tanto protagonismo a Stalin na Europa que saíse do conflito.

Despois desta reunión con Valenzuela, Piñeiro entrevistouse con Xaime Isla Couto, Vallina, Francisco Fernández del Riego e Gómez Román, ós cales informou da conversa que acababa de ter.

Naquela reunión, acordouse que Piñeiro iniciase contactos cos galeguistas máis significados para explicarlle-la situación e para coñece-la disposición na que estaban. Nunha primeira ronda, chea de dificultades, pois para viaxar era necesario utilizar salvoconducto, Piñeiro atopou a antigos compañeiros asustados que non querían comprometerse; outros estaban dispostos a recibir información, pero sen vincularse a ningunha actividade; había algúns incluso que decidiran colaborar coas novas autoridades; finalmente, un grupiño moi reducido estivo de acordo en reorganiza-lo Partido e participar na vida política clandestina, afrontando os riscos necesarios.

Tomados estes primeiros contactos, Piñeiro e os seus compañeiros decidiron crear un Comité Executivo, do que formaron parte Manuel Gómez Román, Ramón Otero Pedrayo, Plácido Castro, Francisco Fernández del Riego e o propio Ramón Piñeiro.

Mentres tanto, Piñeiro, que rematara os cursos comúns da carreira

de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, tivo que trasladarse a Madrid para face-la especialidade de Filosofía pura, que non existía en Santiago.

En Madrid, funcionaba un pequeno grupo galeguista do que formaban parte Fermín Penzol, Álvaro Gil, Xosé Ramón e Fernández-Oxea, Evaristo Mosquera e algúns poucos máis. Piñeiro integrouse nese grupo.

Ó mesmo tempo, mantiña relacións con xoves nacionalistas vascos e cataláns, especialmente con Koldo Mitxelena, con quen compartía cuarto na pensión onde residía, na rúa Longoria, 10-3º.

En Madrid funcionaba entón a Alianza Nacional de Forzas Democráticas (ANFD), integrada por diversos partidos e organizacións clandestinas, como PSOE, UGT, CNT, Federación Agraria e outras forzas republicanas. O Partido Galeguista, xunto co PNV e as formacións políticas catalanas, estaba integrado na citada Alianza, a estratexia da cal consistía no restablecemento da República, a entrada en vigor dos tres Estatutos de Autonomía, é dicir, vasco, galego e catalán, o nomeamento dun goberno de coalición que convocase eleccións constituíntes e a organización federal do Estado.

No ano 1945, a derrota das forzas antidemocráticas en Europa fíxolle pensar ós demócratas españois que as posibilidades da recuperación da democracia en España eran altas. O mesmo goberno americano amosábase partidario da restauración da República. Esa foi a razón de que o Departamento de Estado lle encargase a José Antonio Aguirre, presidente do goberno vasco no exilio, a misión de poñer de acordo ás distintas familias republicanas, fortemente enfrontadas entre si. Con dificultades, o día 17 de agosto do ano 1945 reuníronse os deputados españois do exilio e convocaron unha sesión das Cortes en México, onde nomearon Presidente da República a Diego Martínez Barrio, o cal lle encargou a José Giral a tarefa de formar goberno.

Ó mesmo tempo que o Departamento de Estado propiciaba a restauración da República en España, o Ministerio Británico de Asuntos Exteriores tiña os seus propios proxectos, moi diferentes daqueles.

Os británicos pensaban que non era razoable inverti-lo resultado da Guerra Civil española, convertendo ós vencedores en vencidos, pois iso significaba a perpetuación do conflito. Para eles, a saída política máis correcta sería unha restauración da monarquía parla-

mentaria na persoa de don Juan de Borbón e a exclusión do xeneral Franco da vida pública española. Este plano ía dirixido, sobre todo, ás forzas políticas do interior de España, pois non parecía probable que os partidos republicanos do exilio o acollesen de maneira favorable. Esa foi a razón de que os británicos entrasen en relación coa Alianza Nacional de Forzas Democráticas, da que formaban parte os galeguistas.

A opinión de Ramón Piñeiro era que non se debía entrar en negociacións cos británicos sen comunicarllo previamente ás forzas do exilio, titulares da lexitimidade política democrática.

Foi por este motivo polo que se organizou unha viaxe a París, sede do recién nomeado goberno de Giral. Ó mesmo tempo, os galeguistas pretendían que este último, que tiña no seu goberno un ministro catalán, Nicolau d Olwer, de Acción Republicana de Cataluña, e un vasco, Manuel de Irujo, do Partido Nacionalista Vasco, nomease a Castela como representante galeguista.

Antes de viaxar a París, Piñeiro propiciou unha xuntanza da Alianza Nacional de Forzas Democráticas en Galicia, na que pediu que estivese tamén presente o Partido Comunista, para

adoptar unha postura conxunta. As propostas de Piñeiro foron aceptadas por unanimidade.

A continuación, Ramón Piñeiro viaxou a Francia a principios do ano 1946. Atravesou os Pirineos a pé, por Navarra, axudado por un membro do PNV, Joseba Elósegui, que anos máis tarde se faría famoso ó tirarse ardeando, envolto nunha ikurriña, diante do xeneral Franco nun frontón de San Sebastián.

En Baiona agardaba por Piñeiro Joseba Rezola, que fora ministro da guerra co goberno vasco e estivera varios anos internado no penal de Burgos, condenado a morte.

Xa en París, Piñeiro desprezou unha intensa actividade encamiñada a conseguir os seus obxectivos, é dicir, lograr que Giral incluíse un ministro galego no seu goberno e informarse sobre os proxectos e os medios dos que dispuña o citado goberno para restaurar a democracia en España.

Polo que respecta ó asunto de Castelao, había un problema difícil de resolver, de tipo persoal: a inimidade entre este e o presidente Giral. Castelao estaba convencido que aquel, Ministro de Exteriores no goberno de Negrín

durante a guerra, fora o responsable de que o goberno republicano non o enviase de embaixador a Buenos Aires, tal como lle tiñan prometido. Aínda que se trataba dunha confusión de Castelao, ese era o motivo do enfrontamento entre os dous, no que o escritor e político galego tiña sido moi belixerante, sobre todo pola vía corrosiva do humor.

Por outra parte, Giral xa tiña candidato para o posto de ministro representante de Galicia: Manuel Portela Valladares, a quen apoiaban os comunistas do exilio e o propio José Antonio de Aguirre, presidente vasco, que era amigo persoal de Castelao, pero estimaba que Portela, que fora ministro e xefe do gabinete antes da guerra, parecía unha figura máis adecuada para reforzalo difícil papel do goberno no exilio ante as chancelerías europeas.

A primeira entrevista de Piñeiro con Aguirre para convencelo de que apoiase a Castelao, resultou infrutuosa, ata que interviñeron os vascos chegados do interior, os cales defenderon a postura dos seus compañeiros galegos. O representante catalán, Josep Tarradellas, que sería co tempo, unha vez restaurada a democracia, o presidente da Generalitat de Cataluña, apoiou a mesma proposta. Faltaba só convencer a Giral.

Na entrevista que Piñeiro mantivo cos membros do goberno, entre os cales tiña algúns amigos persoais, explicou o drama de Galicia, que sendo maioritariamente republicana, o día 18 de xullo acudira a defende-la República, pero que o goberno dera a orde de que todo o mundo se retirase ás súas casas. Posteriormente, dado que a maioría da poboación era demócrata, os sublevados tiveron que impoñerse polo terror, fusilando e asasinando a moitos dos dirixentes: alcaldes, líderes de partidos, deputados, simples afiliados... Galicia, polo tanto, segundo a opinión de Piñeiro, fora dúas veces vítima: primeiro, da pasividade do goberno da República e, despois, da represión dos sublevados. En nome das vítimas, Piñeiro solicitaba a presenza de Castelao no goberno republicano.

Giral respondeulle que quedaba informado, pero que aínda non chegara o momento de amplia-lo goberno, e despois pediulle ós membros da delegación que lle explicasen cal era a situación da oposición clandestina no interior.

Por acordo de vascos e cataláns, foi Piñeiro quen respondeu á pregunta de Giral. Referiuse entón ás propostas que circulaban respecto dunha posible restauración da monarquía

como solución de compromiso entre vencedores e vencidos, pero advertindo que as organizacións do interior non tomarían ningunha decisión antes de coñece-los proxectos do goberno republicano e os medios con que contaban para levalos a cabo.

Os proxectos do goberno de Giral, tal como el mesmo explicou, eran os seguintes: restaura-la República mediante folgas, traslada-lo goberno de París a Madrid, convocar un referendun respecto da forma monarquía ou república, elaborar un censo e celebrar eleccións. En canto ós medios, dixo que contaban coa simpatía de Francia, pero recoñeceu que non conseguiran aínda apoio diplomático por parte de ningún país.

Piñeiro, igual que os demais membros da delegación do interior, quedou desolado.

Entón preparou rapidamente o regreso a España, unha decisión que contrariou a Castelao, que pretendía que agardase por el en París, encargándose mentres tanto da súa representación nas tarefas de goberno. Piñeiro consideraba, en cambio, que a súa presenza era máis importante no interior, onde había que construí-la alternativa democrática, que en París, onde a daba por fracasada.

Cando chegou a Madrid, Piñeiro levaba o encargo de preparar unha negociación coas organizacións políticas da Alianza Nacional de Forzas Democráticas. Eran os primeiros días do mes de abril de 1946 e Ramón ía cumprir trinta e un anos de idade.



Seris
6

O CÂRCERE

O día 9 de abril de 1946, Piñeiro acudiu á tertulia do café “La Granja del Henar”, onde se xuntaban os galeguistas. Como sempre, estaban Fermín Penzol, Álvaro Gil, Evaristo Mosquera e outros compañeiros do Partido. Ó pouco de chegar, Piñeiro dixo que se tiña que ir, pois quedara cuns amigos no “Café Pidoux”, na Gran Vía.

A cita era con vascos, cataláns e outros membros da Alianza Nacional de Forzas Democráticas para deseña-la estratexia política do interior despois do resultado da entrevista que mantiveran con Giral en París.

Cando se iniciou a xuntanza, a policía, que viña seguindo desde Barcelona a un membro da CNT, irrompeu no café e procedeu á detención de varios dos reunidos, entre eles os cenetistas Juan García Durán e Juan M. Moila, o catalán Joan Sansa e o propio Ramón Piñeiro. Naquel momento aínda non chegara o representante dos vascos, que era Pello Mari Irujo.

Dos presentes, Joan Sansa puido fuxir. Outros intentárono sen conseguilo, como lle sucedeu a Juan García Durán, un antigo carpinteiro nacido en Vilagarcía que pegou un salto, pero a quen a policía lle disparou un tiro nunha perna. Internado nunha clínica, García

Durán fuxiu e permaneceu oculto durante tres meses, ata que o capturaron de novo e foi condenado a morte, pena que lle foi conmutada. No ano 1948 logrou evadirse unha vez máis e marchou a Australia. Piñeiro volvería atoparse con el moitos anos despois nos Estados Unidos, casado cunha francesa e convertido en bibliotecario da Universidade de Houston, autor ademais dunha coñecida bibliografía sobre a Guerra Civil española.

No transcurso da operación policial, a Piñeiro déronlle o alto na porta do café. Para non chama-la atención, metérono nun estanco próximo, na Gran Vía, atáronlle os pulsos con cable da luz e trasladárono nun taxi á Dirección Xeral de Seguridade, na Porta do Sol.

Durante algúns días, os amigos da tertulia dos galeguistas non souberon nada de Piñeiro. Cando se enteraron polos periódicos das detencións que se produciran no “Café Pidoux”, empezaron a preocuparse. Anoticia de que o detiveran non tardou en confirmarse, así como que despois do rexistro que practicaron na pensión onde vivía, prenderan tamén a Cesáreo e Camilo Saco, ambos galeguistas, e a Koldo Mitxelena, militante do PNV que vivía desterrado en Madrid.

Ingresado en prisión, Piñeiro valeríase de Isabel Algarra, muller de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, funcionaria do Ministerio de Xustiza, para comunicarse co exterior. Finxindo un parentesco que non existía, utilizaba esa canle para manter aberta unha relación co mundo de fóra.

Na primeira carta que lle escribiu a Isabel Algarra, datada na Prisión Central de Alcalá de Henares o día 7 de maio de 1946, Piñeiro explicáballe o sucedido, sabendo que a carta ía ser lida pola censura. Dese xeito pretendía informar ós amigos e reforzar ó mesmo tempo a veracidade da declaración que fixera diante da policía.

Nos vinteseis días que Piñeiro permaneceu na Dirección Xeral de Seguridade, derivou tódalas investigacións cara a Francia, a fin de salvar ós compañeiros do interior. Recoñeceu que estivera en París, que alí coñecera a uns exilados españois e que se entrevistara con eles.

Mentres Piñeiro permaneceu na Dirección Xeral de Seguridade, tivo a protección indirecta da Embaixada Americana, mobilizada polos vascos para amparar a Koldo Mitxelena, o militante do PNV que se vira englobado na redada ó practicarse un rexistro na

habitación de Piñeiro. O PNV, a través de Aguirre, que estaba de profesor en Washington, mantiña unhas excelentes relacións co Departamento de Estado gracias á colaboración que os gudarís lle prestaran ó alto mando americano durante a Segunda Guerra Mundial.

Mitxelena fora detido ó remata-la guerra española polas tropas italianas, que entregaron os gudarís ás autoridades franquistas baixo a condición de que non fosen condenados a morte. A Mitxelena conmutáronlle a pena capital pola de desterro e ese era o motivo de que residira en Madrid, onde traballaba como empregado dunha empresa de industriais vascos vinculados ó PNV.

En relación con Mitxelena e os irmáns Saco, Piñeiro trataba de exculpálos, pois os tres xa foran condenados anteriormente, polo cal arriscaban penas máis graves. Por iso se fixo cargo de todo o material clandestino que lles fora incautado no rexistro.

Este material consistía nunha carta de Juan Ramón Arrate a Piñeiro, na que aquel lle comunicaba que por fin Giral xa nomeara ministro a Castelao e na que lle enviaba recordos do tamén ministro Leiva, amigo de Piñeiro; cartas do galeguista Xoan Pla, residente en Francia, e respostas de Piñeiro infor-

mando da actividade dos guerrilleiros en España; así como parte dunha carta dirixida a unha persoa identificada coa inicial C., de Barcelona, na que se comentaba unha nota daquel dirixida ás embaixadas en Madrid.

Por outra parte, no rexistro da pensión, ós irmáns Saco tñíanlle atopado catorce exemplares da revista “Roteiro”, órgano clandestino dos galeguistas, e un paquete de follas co manifesto dos tres presidentes, é dicir, español, vasco e catalán.

A Koldo Mitxelena tñíanlle collido unha multicopista e varias copias dunha conferencia do P. Herrera.

Aínda que Piñeiro insistía na tese da súa única responsabilidade, non puido evita-lo procesamento e posterior condena dos seus tres compañeiros de pensión: seis anos de cárcere para todos.

No tempo que durou a condena, os catro amigos afondarían as súas relacións persoais, de onde sairía unha amizade moi sólida.

Polo demais, dedicaron unha boa parte da súa actividade na cadea a traballos de tipo cultural. Piñeiro daba clases de filosofía ós demais presos e

Cesáreo Saco explicaba gramática galega e gramática castelá.

Pola súa parte, Koldo Mitxelena consagrábase ó estudio do latín, aproveitando os libros que lle emprestaba un estudante da universidade de Madrid, quen se valía do preso para que lle fixera os traballos que lle mandaban os profesores. Esta foi a orixe da carreira de Koldo Mitxelena, que chegou a ser catedrático de indoeuropeo e unha das figuras máis relevantes da lingüística internacional.

Pero ademais das actividades que Piñeiro levaba a cabo no cárcere, por medio de Isabel Algarra mantiña relación epistolar cos galeguistas do exterior, que lle correspondían polo mesmo medio. Con frecuencia, Isabel pasáballe a escondidas cartas de Otero Pedrayo e outras figuras relevantes do Partido.

Outras veces recibía visitas. Nunha ocasión, no ano 1947, acudiu a velo Rodolfo Prada, residente en Buenos Aires, que lle levaba un abrazo de Castelao.



Sete
7

GALAXIA

En marzo do ano 1949, Ramón Piñeiro saíu do cárcere. A pesar de que a penas vía, desde o primeiro momento quixo incorporarse de novo á vida política activa.

Asituación tiña cambiado de maneira notable. Polo que respectaba ó exilio, o goberno de Giral, do que Castelao fora ministro, caera en decembro de 1946 a causa de enfrontamentos entre os distintos grupos e familias, o cal volvía practicamente inoperante a loita política pola restauración da democracia.

Paralelamente, a situación de Franco melloraba no concerto internacional. En 1948, o goberno francés abriera de novo a fronteira con España e firmara un acordo comercial con Madrid. Nos Estados Unidos, había moitos políticos que reclamaban o establecemento de relacións diplomáticas con España, en tanto que algúns bancos daquel país concedían cretos ó goberno español para a compra de artigos de primeira necesidade. Ó mesmo tempo, a entrevista entre Franco e don Juan de Borbón, celebrada no verán de 1948, puña en dificultades o plano británico destinado a restaurar a monarquía parlamentaria como fórmula de compromiso para restablece-la democracia.

Para informarse da situación, ó saír do cárcere, Piñeiro visitou a algúns dirixentes da oposición, incluída a Duquesa de Valencia, Luisa Narváez Macías, que estivera presa como consecuencia dos contactos que establecera coa oposición de esquerdas a fin de prepara-la restauración da monarquía.

Polas informacións que ía recollendo, Piñeiro chegou á conclusión de que a derrota militar de 1939 converteráse tamén en derrota diplomática, ó cambia-los seus proxectos as chancelerías, pois o confrontamento entre as democracias occidentais e o comunismo soviético convertía a Franco nun aliado.

Este cambio modificou a estratexia da maior parte dos partidos da oposición clandestina, que durante anos se dedicaron case exclusivamente a manter só a vida interna das respectivas organizacións.

Piñeiro chegou entón á conclusión de que o fracaso dos planos políticos dos partidos non se podía converter nun fracaso do galeguismo como doutrina. Aquilo que o galeguismo tiña de esencial non podía quedar supeditado ás circunstancias cambiantes e ós intereses diplomáticos das grandes potencias.

Ó saír do cárcere, Ramón Piñeiro volveu a Lugo en réxime de liberdade vixiada, o cal non foi impedimento para reanuda-los contactos cos compañeiros galeguistas: Otero Pedrayo, Xaime Isla Couto, Fermín Penzol, Marino Dónega, Francisco Fernández del Riego e algúns máis. Poucos días despois de recobra-la liberdade, asistiu en Vigo a unha reunión do Comité Executivo do Partido Galeguista, onde o informaron das actividades levadas a cabo durante o tempo que el estivera en prisión.

Para Piñeiro era necesario un cambio de orientación táctica. Por un lado, había que mante-las relacións coa oposición clandestina, a fin de estar presentes e informados, pero por outro lado era necesario entrar en relación pública e legal coa sociedade galega, moi traumatizada aínda pola Guerra Civil e as súas secuelas.

Aposibilidade de crear unha grande forza política galeguista na clandestinidade parecíalle utópica a Piñeiro. O galeguismo xa fora unha forza minoritaria nunhas condicións moito máis favorables, como as que se deran durante a República, e ademais tampouco conseguira mante-la unidade interna, dividíndose en dúas ramas diferentes, cada unha delas expresión real da división que separaba politicamente a uns galeguistas doutros.

Por outro lado, nunha situación política tan difícil, sen proxectos nin perspectivas claras, manter operativa unha organización política minoritaria na clandestinidade parecía unha empresa condenada ó fracaso, volvendo inútiles os sacrificios e os esforzos ós que obrigaba unha actividade semellante.

Foi así como naceu a Editorial Galaxia en Santiago o día 25 de xullo do ano 1950, acto ó que non puido asistir Piñeiro porque naquelas mesmas datas foi sometido a unha operación de cataratas no hospital de Valdecilla, en Santander.

Aidea de fundar unha editorial era unha vella teima de Xaime Isla Couto. Ael lle correspondeu a idea orixinal, ademais da súa xenerosa aportación material, sobre a cal se sustentou a editorial durante moitos anos. Este proxecto de Xaime Isla, compartido por Francisco Fernández del Riego e outros galeguistas, parecíalle a Piñeiro moi adecuado para a nova etapa do galeguismo, pero ó principio, como ten salientado Fernández del Riego, mostrouse reticente coa viabilidade económica do proxecto e cos atrancos de tipo administrativo que prevía. Despois, sumouse con entusiasmo e púxose a buscar apoios entre os galeguistas lugueses.

O que se pretendía coa Editorial Galaxia era darlle cobertura legal ó galeguismo. Isto permitía que moitos militantes do partido, a maioría dos cales non estaban dispostos a realizar ningunha actividade de tipo ilegal e clandestino, aceptasen en cambio participar nunha empresa galeguista que actuaba dentro da legalidade, loitando no plano da cultura polos vellos ideais de antes da guerra, especialmente pola lingua.

Convertidos en accionistas, antigos militantes do partido sentíanse de novo vinculados entre eles, participando de novo nunha empresa colectiva que non supuña riscos ou incomodidades que non puidesen ser asumidos.

Preparando un futuro que parecía remoto, a Editorial Galaxia iniciou a publicación de libros básicos, destinados a darlle á sociedade galega, especialmente ós rapaces novos, os instrumentos necesarios para o coñecemento da su propia realidade cultural. Foi así como apareceron, en primeiro lugar, a *Historia da literatura galega* de Francisco F. del Riego, a *Historia de Galicia* de Vicente Risco e, algo máis tarde, a *Gramática elemental del gallego común* de Ricardo Carballo Calero.

Por outro lado, os responsables de Galaxia eran conscientes de que

o futuro do país non dependía só da súa recuperación cultural, senón que era necesario proceder ó estudio doutros aspectos da realidade, como a economía, labores ambos que inicialmente debían corresponder á Universidade, pero que esta non levaba a cabo. Desta maneira fundouse a *Revista de Economía de Galicia*, que dirixiu Xaime Isla Couto, e creouse unha colección para publicar libros sobre esa mesma materia.

Esta planificación detallada e consciente da política editorial debeuse a un equipo de xente que dirixiu Ramón Piñeiro e que tivo en Francisco Fernández del Riego o brazo executor, quedando para Xaime Isla a tarefa creativa de ser o ideador de non poucas das iniciativas que posteriormente acadarían unha feliz realización.

Desde o primeiro momento, Piñeiro e os seus compañeiros foron conscientes da importancia que para os seus planos tiña a idea de incorporar á vida cultural as figuras xa consagradas antes da Guerra Civil, como Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas, Castelao ou Ramón Cabanillas, todos eles integrados, dun xeito ou doutro, como dirixentes ou simples colaboradores, no proxecto editorial.

Ó mesmo tempo non ignoraban que fóra dos círculos galeguistas existían figuras moi valiosas na vida cultural que cumpría atraer cara á cultura galega, como eran os casos de Domingo García Sabell, Celestino F. de la Vega, Juan Rof Carballo ou Luís Pimentel.

Os responsables de Galaxia, por outro lado, consideraban que o futuro daquel ambicioso proxecto dependía da capacidade para incorporalas novas xeracións, para o cal crearon unha colección titulada Illa Nova (“Illa” por Xaime Isla, e “Nova” por Cristina Novoa, a súa muller), que pronto se converteu nun vehículo editorial dos mozos nados despois da guerra, ata entón desvinculados da tradición histórica do galeguismo.

Os proxectos fóronse cumprindo en tódalas fronteas. En primeiro lugar, Otero Pedrayo foi elixido presidente do Consello de Administración de Galaxia, empresa á cal se incorporaron tamén outras figuras destacadas do galeguismo, como Manuel Gómez Román, que fora o Secretario Xeral do Partido.

No proxecto editorial, a idea de publicar unha revista estaba na mente dos responsables de Galaxia, que

non ignoraban sen embargo os atrancos de tipo administrativo que o réxime lle puña á aparición de revistas novas. Por ese motivo acordaron publicar uns cadernos numerados, de carácter monográfico, que aparecían como obras colectivas, de xeito que non fosen considerados como números dunha mesma publicación periódica. Naceu así a Colección Grial, que publicou catro títulos: *Presencia de Galicia*, *Pintura actual en Galicia*, *Presencia de Curros y Doña Emilia* e *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*.

Apesar de todo, os responsables da Dirección Xeral de Prensa non aceptaron a fórmula. Pouco antes, en 1951, o director do periódico “Pueblo” de Madrid, Juan Aparicio, publicara un durísimo artigo en contra das culturas galega, catalana e vasca, no que incluía expresamente a Colección Grial. Pouco despois, cando Aparicio foi nomeado Director Xeral de Prensa, tomou a decisión de prohibir a publicación dos citados cadernos.

Aínda así a Editorial Galaxia puido desenvolver, en medio de grandes dificultades, o seu labor.



oitto
8

**A VOLTA
À DEMOCRACIA**

Aorientación que Ramón Piñeiro e os seus compañeiros lle deron ó galeguismo a partir de 1950 suscitou polémicas, que nalgunhas ocasións chegaron a manifestarse dunha maneira acesa, entre o Consello de Galicia, en Buenos Aires, e os galeguistas do interior. Un dos primeiros motivos de disputa foi o da saída republicana como única fórmula política para o futuro, que era a tese que sempre defendera Castelao e que asumían como propia os galeguistas de Buenos Aires.

En cambio, os galeguistas do interior, xunto cos nacionalistas vascos e os cataláns, así como os socialistas e os cenetistas, que vían como as posibilidades de restauración da República parecían cada vez máis difíciles, pensaban que esa cuestión non era primordial, pois o importante era a recuperación da democracia en si, non a forma concreta do futuro réxime. Este criterio foi tamén o que motivou o enfrontamento de Castelao e os galeguistas de Buenos Aires cos nacionalistas vascos do PNV, que chegou a ser moi duro.

Por outra parte, os galeguistas do interior non aceptaban as pretensións do Consello de Galicia de converterse nunha especie de goberno supremo do galeguismo, pois pensaban que a dirección debía estar na propia Galicia.

Esta dura polémica non impediu, sen embargo, que ámbolos dous grupos mantivesen boas relacións, pois cada un defendía con firmeza as posicións que consideraba máis convenientes para o futuro.

Neste contexto de irmandade galeguista non pode sorprende-la felicitación solemne que o Consello de Galicia enviou á Editorial Galaxia por aqueles anos, destacando o seu importante labor, que hoxe adorna unha das paredes da Fundación Penzol en Vigo.

Polo que respecta ás discrepancias relacionadas co republicanismo, esa polémica perdera xa todo interese para moitas das forzas políticas da clandestinidade do interior na década dos anos sesenta, que daquela non perseguían outro obxectivo que restaura-la democracia.

En Galicia, o galeguismo, que se mantivera unido baixo a dirección de Ramón Piñeiro, ó comezo dos anos sesenta dividiuse en grupos xuvenís, algúns dos cales discrepaban do que empezaron a denominar o piñeirismo. Desa ruptura nacería en 1964 a Unión do Pobo Galego.

Piñeiro pensaba entón que no momento en que se recuperase a

democracia, as forzas políticas que ían operar na nova situación serían, como no resto de Europa, un Partido Socialista, un Partido Demócrata Cristián ou similar e un Partido Comunista. A intención del era que cando se producise o cambio, esas forzas xa estivesen funcionando en Galicia, organizadas polos galeguistas, para evitar que fosen dirixidas desde Madrid polas executivas dos partidos estatais. O comunismo xa existía de seu, pero non os demais partidos. Por esa razón, Ramón Piñeiro propiciou a fundación dun Partido Socialista Galego e un partido Demócrata Cristián.

Como Piñeiro pensara, cando se restableceu a democracia despois da morte do xeneral Franco, en Galicia funcionaban esas tres forzas políticas autóctonas. Dúas delas, o Partido Socialista e a Democracia Cristiá foron incapaces de consolidarse como tales, mentres que a terceira conseguía implantarse nunha parte da sociedade galega.

Ó se convocaren eleccións autonómicas ó primeiro parlamento galego no outono do ano 1981, semellaba claro que o galeguismo só podía acadar representación parlamentaria a través dun daqueles movementos, daquela organizado baixo as siglas do BNG, pero que ía deixar sen referencias a tódolos

galeguistas que non se identificaban coas teses e a ideoloxía desta organización.

Foi así como Piñeiro chegou á conclusión de que non quedaba outra saída que conseguir que as forzas políticas maioritarias que operaban en Galicia, daquela moi distantes do ideario galeguista, asumisen este dentro da dinámica constitucional que se abría, o cal supuña dispoñer de parlamento e goberno propios. Nesas circunstancias aceptou, xunto con outros tres galeguistas, figurar como independente nas listas do Partido dos Socialistas de Galicia (PSOE).

Apresencia de Ramón Piñeiro no Parlamento foi moi importante de cara á asunción do ideario galeguista por parte da propia cámara, que descubriu a través daquel home fondamente intelixente e honesto, extremadamente educado e cortés, os valores dunha vida xenerosamente entregada, moitas veces a costa de innumerables sacrificios, incluído o da liberdade, á causa do seu país.

Cantas persoas coñeceron a Ramón Piñeiro ó longo da súa vida estiveron de acordo en recoñecer que se trataba dun home dotado dunha intelixencia excepcional. Eran moitos, polo

tanto, os que esperaban que aquela agudeza e fondura de pensamento, tan visibles na conversa privada con el, acabaran fructificando nunha obra persoal de tipo filosófico.

Cando no ano 1950 se publicou o seu ensaio sobre a saudade, *Significado metafísico da saudade*, a sensación que produciu nos medios intelectuais de Galicia foi de asombro e entusiasmo. Había a conciencia de que nunca se publicara en galego unha reflexión filosófica daquela altura.

O que Piñeiro pretendía tratar naquel ensaio, que despois ampliaría con outros traballos sobre o mesmo tema, era que a filosofía, tal como postulaban as doutrinas existencialistas, debía fundarse no coñecemento do ser do home e que ese coñecemento se alcanzaba orixinariamente por unha vivencia sentimental. A vivencia da saudade era para Piñeiro o sentimento da soidade ontolóxica, é dicir, da singularidade do propio ser, que vale tanto como dicir o sentimento da liberdade esencial do ser humano.

Os ensaios de Ramón Piñeiro sobre a saudade fixeron pensar a moitos lectores que aquel non era máis que o inicio dunha obra brillante. En realidade, o propio Piñeiro tiña perfectamente

deseñada esa obra e pensaba levala a cabo. Sen embargo, a súa dedicación á tarefa de consolida-lo galeguismo, que ocupou unha grande parte da súa vida, obrigouno a deixar nun segundo plano os seus proxectos filosóficos.

Ramón Piñeiro escribiu moito, sobre todo artigos para periódicos e revistas, sempre coa intelixencia que lle era característica, pero á marxe da súa obra filosófica. Unha boa parte destes artigos apareceu recollida no libro *Olladas no futuro*.

Durante anos, polo piso de Ramón Piñeiro, situado na rúa de Xelmírez número 15, no centro de Santiago, desfilou unha grande cantidade de xente, especialmente xoves universitarios, sobre os cales exercía un fondo maxisterio espiritual. Deste xeito puido desenvolver en parte a vocación docente que non puidera cumprir na Universidade, ó ve-la súa carreira interrompida polos anos pasados no cárcere.

No ano 1966, Piñeiro foi contratado para ensinar nos Estados Unidos, na universidade de Middlebury, en Vermont, onde impartiu dous cursos de verán sobre o pensamento español. O éxito alcanzado foi tan grande que as autoridades académicas fixeron unha

excepción e Ramón Piñeiro, contra os criterios que establecían que ningún profesor visitante fose invitado máis de dúas veces, seguiu impartindo cursos ata o verán de 1970.

A partir de entón empezou a viaxar, convidado en distintos países para asistir a congresos ou dar conferencias, unha actividade que lle fora negada durante anos, ó estar privado de pasaporte.

Estas saídas ó exterior non foron máis que a prolongación do seu traballo por Galicia e a súa cultura, un labor iniciado antes da guerra, cando ingresou no galeguismo.

Rematada a súa etapa como deputado no parlamento autonómico, foi elixido para presidi-lo primeiro Consello da Cultura Galega, que dirixiu ata o final dos seus días, mesmo cando os graves problemas de saúde que o empezaron a afectar naqueles anos tiñan considerablemente mermada a súa forza física.

Ramón Piñeiro morreu en Santiago de Compostela o día 27 de agosto do ano 1990. Tiña setenta e cinco anos de idade. O enterro converteuse nunha manifestación de fervor popular,

que non era outra cousa que o recoñecemento espontáneo a unha vida presidida pola honestidade, a intelixencia, o idealismo e o amor a Galicia.



NOTAS

